

O patriotismo

Yukio Mishima

Tradución de Amir Najjari

I

O 28 de febreiro de 1936, o terceiro día despois do incidente do 26 de febreiro, o tenente Shinji Takeyama, do batallón de transportes, profundamente perturbado ó saber que os seus colegas máis achegados estaban en conivencia cos amotinados, e indignado ante a inminente perspectiva do ataque das tropas imperiais, tomou a súa espada de oficial e cerimoniosamente baleirou as súas entrañas no cuarto de oito tatamis da súa residencia privada no sexto rueiro de Aoba-cho, no distrito Iotsuya. Tamén o seguiu a súa esposa Reiko que se matou cravándose un puñal.

A nota de despedida do tenente consistía nunha soa frase: “Vivan as forzas imperiais!”. A da esposa, despois de implora-lo perdón dos pais por precedelos no camiño á tumba, concluía: “Chegou o día para a muller dun soldado”. Os derradeiros momentos desta heroica e abnegada parella farían chorar ós deuses. É mester destacar que a idade do tenente era de trinta e un anos; a da esposa, vinte e tres.

Había só dezaoito meses que casaran.

II

Os que contemplaron o retrato conmemorativo do noivo e da noiva non deixaron de admirar, quizais tanto coma os que asistiran á voda, o elegante porte da parella.

O tenente, de pé xunto á esposa, estaba maxestoso no seu uniforme militar. A man dereita descansaba sobre o puño da espada e coa esquerda sostíña a gorra de oficial. A súa expresión severa traducía claramente a integridade da súa xuventude.

En canto á beleza da noiva, envolta nas súas brancas vestiduras, sería difícil atopar-las palabras axeitadas para describila. Había sensualidade e refinamento nos seus ollos, nas finas cellas e nos labios cheos. Unha man, timidamente asomada á manga do vestido, sostíña un abano, e as puntas dos dedos, agrupados delicadamente, eran coma o abrocho dunha flor de lúa.

Despois de consumarse o suicidio, moitos tomaron a fotografía e entregáronse a tristes reflexións verbo das maldicións que adoitan recaer sobre as unións sen tacha.

Se callar era só efecto da imaxinación, mais, ó observa-lo retrato, parecía case que os dous mozos, ante o biombo dourado, contemplaban con absoluta claridade a morte que os agardaba.

Grazas ós bos oficios do seu mediador, o tenente xeneral Ozeki, puidera instalarse no seu novo fogar de Aoba-cho, en Iotsuya. En realidade aquel novo fogar non era senón un vello casar alugado, de tres dormitorios e cun pequeno xardín detrás. Utilizaban o cuarto do piso superior, de oito tatamis, como dormitorios e cuarto de hóspedes, pois o resto da casa non recibía a luz do sol.

Non tiñan serventes e Reiko coidaba do fogar en ausencia do marido.

A viaxe de voda quedou postergada por coincidir cunha época de Estado de excepción. O tenente e a súa esposa pasaron a primeira noite de casados na vella casa. Moi tesó, sentado sobre o piso e coa súa espada fronte a el, Shinji fixéralle escoitar á esposa un discurso de corte militar antes de levala ó leito nupcial.

Unha muller que contraía matrimonio cun soldado debía saber e aceptar sen vacilacións o feito de que a morte do marido podería chegar en calquera momento.

Quizais o día seguinte. Non importaba cándo. Estaba ela conforme con aceptalo? Reiko púxose de pé e, abrindo a vitrina, tomou dela o seu máis prezado ben, un puñal que lle regalara a nai. Comprendéronse perfectamente sen necesidade de palabras e o tenente non puxo máis a proba a resolución da muller.

Durante os primeiros meses que seguiron á voda, a beleza de Reiko fixose cada día máis radiante. Brillaba, serena, como a lúa despois da choiva.

Como ambos estaban dotados de corpos sans e vigorosos, a súa relación era apaixonada e non se limitaba ás horas da noite. En máis dunha ocasión, ó volver ó seu fogar directamente do campo de manobras, e aínda co uniforme salpicado de barro, o tenente posuíra á súa muller no chan, apenas aberta a porta da casa. Reiko correspondíalle co mesmo ardor. Despois de aproximadamente un mes, contando coa noite de vodas, Reiko coñeceu a absoluta felicidade, e o tenente, ó comprobalo, sentiuse tamén moi feliz.

O corpo de Reiko era branco e puro e dos seus peitos turxescents emanaba un rexeitamento firme e casto que, cando gozaba, se transformaba na máis íntima e acolledora morneza.

Aínda nos momentos de maior intimidade mantíñanse extraordinariamente serios. Conservaban os corazóns serios e austeros no medio das máis embriagadoras demostracións de paixón.

O tenente recordaba á súa muller durante o día nos curtos períodos de descanso entre o adestramento e o retorno ó fogar e Reiko non esquecía ó marido en ningún momento. Cando estaban separados, chegáballes con mirar soamente a fotografía do casamento para ratificar unha vez máis a súa felicidade. A Reiko non lle sorprendía o máis mínimo que un home que fora un estraño ata algúns meses atrás se convertera no sol ó redor do cal xiraban a súa vida e o seu mundo.

Esta relación tiña unha base moral e seguía fielmente o mandato dos principios da educación nos que se estipula que “a harmonía reinará entre o marido e a muller”. Reiko non atopou xamais unha ocasión de contradicir ó seu marido e o tenente non tivo motivo ningún para lle rifar á súa muller.

No nicho, debaixo da escaleira, xunto a táboa do gran santuario Ise¹, colocaran fotografías das súas Maxestades imperiais e cada mañá, antes de partir cara ás obrigas, o

tenente e a muller detíñanse fronte a ese lugar santificado e inclinábanse xuntos nunha profunda reverencia.

A ofrenda de auga renovábase cada mañá e a rama sagrada de sakaki² estaba sempre verde e fresca. As súas vidas decorrían baixo a solemne protección dos deuses e estaban colmadas dunha ledicia intensa que facía vibrar cada febra dos seus corpos.

III

Aínda que a casa de Saito, señor do selo privado, se atopaba na veciñanza, ninguén escoitou alí o tiroteo da mañá do 26 de febreiro. Aquel foi un ruidoso toque de atención no amencer nevado e interrompeu bruscamente o sono do tenente. Saltou inmediatamente da cama e, sen pronunciar palabra, vestiu o uniforme, axustou a espada que lle tendía a muller e precipitouse cara á rúa cuberta de neve no escuro amencer. Non regresou ó fogar deica a noite do día 28.

Algo máis tarde, Reiko escoitou pola radio as noticias sobre aquela súbita erupción de violencia. Viviu os días seguintes en completa e tranquila soidade tralas portas pechadas

Reiko lera a presenza da morte no rostro do marido cando marchou a toda présa baixo a neve. Se Shinji non regresaba, a súa propia decisión era tamén moi firme. Morrería con el.

Dedicouse, entón, a ordena-las súas pertenzas. Elixiu o seu mellor conxunto de quimonos como lembranza para as súas amigas de colexio e escribiu un nome e un enderezo sobre o ríxido papel no que os dobrara un por un.

Como o seu marido lle recordaba constantemente que non hai que pensar no mañá, Reiko nin sequera escribira un diario e atopábase, agora, na imposibilidade de reler as pasaxes nas que dera testemuño da súa felicidade. Sobre a radio destacaban un cadelíño de porcelana, un coello, un esquío, un oso e un raposo. Tampouco faltaban alí un vaso e un recipiente para a auga. Estes obxectos constituían a única colección de Reiko. Con todo, de nada serviría regalalos como recordos. Tampouco sería axeitado pedir especificamente que llos incluísen no seu ataúde. Mentres estes obxectos

desfilaban pola súa mente, Reiko tivo a sensación de que os animalíños semellaban cada vez máis tristes e desamparados.

Colleu o esquío na man e observouno. Foi daquela cando, cos seus pensamentos postos nun reino moito máis afastado que estes afectos infantís, viu ó lonxe os principios vitais coma o sol que personificaba o seu marido. Estaba pronta e feliz de remata-los seus días na compañía daquel home cegador, pero nese momento de soidade permitiuse refuxiarse no inocente afecto por aquelas bagatelas. Xa pasara o tempo en que realmente as amara.

Agora soamente aloumiñaba o seu recordo e o lugar que ocuparon no seu corazón enchérase definitivamente con paixóns máis intensas.

Reiko xamais supuxera que as turbadoras emocións da carne fosen só un pracer. A baixa temperatura de febreiro e o contacto coa xélida porcelana do esquío entumecéranlle os dedos. Non obstante, baixo os debuxos simétricos do seu acicalado quimono meisen³ podía sentir, cando recordaba os poderosos brazos do tenente, unha cálida humidade que, desde a súa pel, desafiaba o frío.

Non experimentaba absolutamente ningún temor pola morte que roldaba na proximidade.

Mentres agardaba soa na casa, Reiko non dubidaba de que a angustia e a congoxa que estaría experimentando o seu marido naqueles intres a levarían, con tanta certeza coma a súa intensa paixón, a unha morte agradable. Sentía no máis fondo que o seu corpo podería disolverse con facilidade e converterse nunha soa cousa co pensamento do seu marido.

A través das informacións da radio, escoitou os nomes de varios colegas do marido mencionados entre os insurxentes. Estas eran noticias de morte. Preguntábase ansiosamente, a medida que a situación se facía máis difícil, por qué non se emitía unha Ordenanza imperial. O movemento, que nun principio semellara ser un intento de restaura-lo honor nacional, convertérase gradualmente en algo chamado motín. O rexemento non emitira ningún comunicado e supúñase que, en calquera momento, podería comezar a loita nas rúas aínda cubertas de neve.

O 28, á caída do sol, furiosos golpes estremeceron a Reiko. Baixou precipitadamente as escaleiras, e mentres cos dedos inexpertos tiraba do pasador, a silueta apenas delineada tralos vidros cubertos de xeadas non emitía son ningún. Con todo, non dubidou da presenza do seu marido. Nunca antes tivera tanta dificultade en abri-la porta. Cando finalmente o logrou, encontrouse fronte ó tenente enfundado nun capote color caqui e coas botas de campaña salpicadas de barro.

Reiko non comprendeu por qué Shinji pechou a porta e correu novamente o pasador.

—Benvido á casa —a moza executa unha profunda reverencia á cal o marido non responde. Quitara a espada e comezaba a desembarazarse do capote. Ela quixo axudalo. A chaqueta, que estaba fría e húmida e perdera o olor a esterco que tiña normalmente cando se expuña ó sol, pesáballe no brazo. Colgouna da percha e, sostendo a espada e o cinto de coiro entre as mangas, agardou a que o seu home quitase as botas. Despois, seguiu ata o cuarto de estar: o cuarto de seis tatami.

Baixo a clara luz da lámpada, o rostro barbudo e esgotado do seu marido era case irrecoñecible. As meixelas afundidas perderan o seu brillo e a súa elasticidade.

En circunstancias normais cambiaría a roupa por outra de casa, e apuraría a servi-la comida de contado. En troques, aquela noite sentou fronte á mesa co uniforme e coa cabeza afundida sobre o peito.

Reiko abstívose de preguntar se debía prepara-la cea.

—Eu non sabía nada —dixo o home despois dun silencio—. Non me pediron que me unise a eles. Quizais non o fixeron ó saber que casara hai pouco. Kano, Homma e, tamén, Yamaguchi.

Reiko evocou os rostros dos alegres oficiais mozos, amigos do seu marido, que foran a aquela casa como convidados.

—Quizais mañá se publique unha Ordenanza imperial. Supoño que os xulgarán como rebeldes. Estarei ó mando da unidade con ordes de atacalos... Non podo facelo. Sería simplemente imposible —gardou un curto silencio—. Dispensáronme das gardas e estou autorizado para volver á casa unha noite. Mañá, á primeira hora, deberei unirme ó ataque sen proferir unha réplica. Non podo facelo, Reiko...

Reiko estaba sentada, moi tesa, cos ollos baixos. Comprendía moi claramente que o seu marido falaba en termos de morte. O tenente estaba resolto e, aínda que presentaba o dilema, na súa mente xa non cabían vacilacións.

Non obstante, no silencio que se estableceu entre ambos, todo quedou claro coa mesma transparencia coa que o desxeo alimenta un leito dun río.

Xa na casa, despois da longa proba de dous días, contemplando o rostro da súa fermosa muller, o tenente experimentou, por primeira vez, unha verdadeira paz interior. Intuíra de inmediato que a súa muller coñecía a resolución que agochaban as súas palabras.

—Ben, entón... —o tenente abriu, grandes, os ollos. Malia o cansazo, a súa mirada era forte e transparente e non a apartou da súa esposa—. Esta noite abrireme o estómago.

Reiko non vacilou.

—Estou preparada —dixo—, permíteme acompañarte.

O tenente sentiuse case hipnotizado pola mirada implorante da súa esposa. As súas palabras comezaron a fluír rápida e doadamente, como expresadas en delirio.

Outorgou a súa aprobación a aquela empresa vital nunha forma descoidada e negligente que semellaba escapar ó seu entendemento.

—Ben. Irémonos xuntos. Pero, antes, quero que sexas testemuña da miña morte.

Xa de acordo, os seus corazóns víronse inundados por una repentina felicidade. Reiko estaba profundamente conmovida pola confianza que depositaba nela o seu marido. Era vital para o tenente que non se cometesen irregularidades na súa morte. Por esta razón cumpría unha testemuña e, ó elixir para tal fin á muller sa, amosaba unha profunda e absoluta confianza. En segundo lugar, e isto era aínda máis importante, malia que lle rogara a Reiko que morrese canda el, nin sequera tentaba matar á súa esposa primeiro, senón que deixaba aquel momento librado ó criterio dela, para cando el xa non estivese alí, verificándoo todo. Se o tenente abrigase a menor sospeita, cumprindo o pacto dos suicidas, preferiría matala primeiro.

Cando Reiko dixo "Permíteme acompañarte", o tenente apreciou nestas palabras o froito final das ensinanzas impartidas á súa muller desde a noite do casamento. Educáraa de xeito tal que, chegado o momento, respondía nos exactos termos que correspondían. Era este un afago á confianza en si mesmo que alimentaba Shinji... Non era nin tan romántico nin tan presuntuoso como para crer que esas palabras se dixeran espontaneamente, só por amor.

Os seus corazóns estaban tan inundados de felicidade que non podían deixar de sorrir. Reiko sentíase de novo na noite de vodas. Ante os seus ollos non existían nin a dor nin a morte, só cría ver un ilimitado espazo aberto cara a vastos horizontes.

—A auga está quente. Vaste bañar agora?

—Vou, por suposto.

—E a cea...?

As palabras pronunciáronse nun ton tan tranquilo e doméstico, que, por unha fracción de segundo, o tenente creu ser xoguete dunha alucinación.

—Non creo que sexa necesario. Poderás quentar un pouco de sake?

—Como queiras.

Reiko levantouse e ó tomar do roupeiro un vestido tanzan⁴ para despois do baño, atraeu deliberadamente a atención do seu marido sobre os caixóns baleiros. O tenente observou o interior do moble. Leu os enderezos que tiñan os agasallos. Non houbo mágoa nel fronte á heroica determinación de Reiko. Coma un marido a quen a súa nova esposa ensina con orgullo as súas compras puerís, o tenente, inundado de afecto, abrazou á muller agarimosamente polas costas e bicoulle o pescozo.

Reiko sentiu a aspereza daquel rostro sen afeitar. Esta sensación encerraba para ela toda a ledicia do mundo, e agora, sentindo que ía perdela para sempre, contiña unha frescura alén de toda experiencia. Cada momento parecía conter unha infinda forza vital. Os sentidos espertaron en todo o seu corpo.

Aceptando as caricias de Shinji, Reiko alzouse sobre a punta dos pés e deixou que aquela vitalidade atravesase o seu corpo.

—Primeiro, o baño, e despois, logo de tomar sake... Prepára-las camas arriba, queres?

O tenente murmurou algo no oído da muller, e ela asentiu silenciosamente.

O tenente quitou apresuradamente o uniforme e dirixiuse ó baño.

Ó escoita-lo suave rumor da auga, Reiko levou carbón ata o cuarto de estar e comezou a quenta-lo sake.

Tomou o tanzen, unha faixa e a roupa interior. Dirixiuse ó baño para controla-la calor da auga. En medio dunha nube de vapor, o tenente afeitábase coas pernas cruzadas no chan. Ela puido distinguir os músculos do seu forte lombo húmido que respondían ós movementos dos brazos.

Nada suxería algún acontecemento anormal. Reiko ocupábase diligentemente das súas tarefas e preparaba pratos improvisados.

Non lle tremían as mans e amosábase máis eficiente e desenvolta que de costume. De vez en cando sentía estrañas palpitacións no centro do peito, pero eran como luces distantes. Tiñan un momento de gran intensidade e despois esvaíanse sen deixar rastro. Sacando isto, non parecía acontecer nada fóra do habitual.

Mentres se afeitaba no baño, o tenente sentiu que o seu corpo morno se libraba milagrosamente da desesperada fatiga daqueles días de incerteza e se enchía dunha agradable expectativa pese á morte que o agardaba. Podía oír vagamente os rúidos habituais con que a súa muller cumpría as angueiras e un saudable desexo físico, postergado durante dous días, presentouse novamente.

O tenente confiaba en que non houbo impureza no goce experimentado mentres resolvían morrer.

Ambos sentiran naquel intre, aínda que non dunha maneira clara e consciente, que eses praceres permisibles estaban novamente baixo a protección do Ben e do Poder divino. Protexíalos unha moralidade total e impecable. Ó mirarse ós ollos descubriron no seu interior unha morte honorable, estaban de novo a salvo tralas paredes de aceiro que ningún podería destruír, enfundados na impenetrable coiraza da Beleza e a Verdade.

O tenente podía entón considera-lo seu patriotismo e as urxencias da súa carne como un todo.

Achegou máis aínda a cara ó escuro e gretado espello de parede e afeitouse coidadosamente. Aquela era a faciana que lle presentaría á morte e era importante que non tivese imperfeccións. As súas meixelas, acabadas de afeitar, irradiaban novamente o brillo da mocidade e semellaban ilumina-la opacidade do espello. Sentiu que había certa elegancia na asociación da morte con aquela cara sa e radiante.

Sería o seu rostro de defunto. En realidade xa deixara a medias de pertencerlle para converterse no busto dun soldado morto. A título de experimento, pechou fortemente os ollos e todo quedou envolto na escuridade. Xa non era unha criatura vivente.

Ó saír do baño, cun tenue reflexo azulado baixo a tersa pel das fazulas, sentou xunto ó braseiro de carbón. Advertiu que, malia estar ocupada, Reiko atopara o tempo necesario para retoca-la cara. O seu rostro estaba fresco e os seus beizos húmidos. Era imposible encontrar nela o menor rastro de tristeza e ó observar aquela demostración da personalidade apaixonada da súa muller, o tenente pensou que elixira a esposa que lle correspondía.

Tan axiña como baleirou a cunca de sake, ofreceulla a Reiko, quen nunca o probara. A moza bebeu un grolo, timidamente.

—Ven aquí —dixo o tenente.

Reiko achegouse ó seu marido, e mentres el a abrazaba ela sentiuse profundamente conmovida, como se a tristeza, a alegría e o forte sake se mesturasen dentro dela.

O tenente contemplou as faccións da súa esposa. Era o derradeiro rostro que vería neste mundo. Estudouno minuciosamente cos ollos dun viaxeiro que se despedía de espléndidas paisaxes.

Reiko tiña unha cara de trazos regulares, sen seren fríos, e de beizos suaves. O tenente, que no se cansaba de contemplala, bicouna na boca. E repentinamente, sen que o pranto alterase a súa beleza, as bágoas comezaron a abrollar lentamente baixo as longas pestanas e correron coma fios brillantes polas súas meixelas.

Despois Shinji quixo subir ó dormitorio, pero ela suplicoulle que lle dera tempo a toma-lo seu baño. O tenente subiu, daquela, só, e deitouse cos brazos e as pernas

abertas no cuarto amornado pola estufa de gas. O tempo que transcorreu agardando á súa muller non foi máis longo do habitual.

Colocou as mans baixo a cabeza e observou as trabes do teito. Esperaba pola morte? Unha salvaxe éxtase dos sentidos? Ambas as cousas parecían sobreporse, coma se o obxecto do desexo físico fose a morte propia.

O tenente nunca gozara dunha liberdade tan absoluta.

Un coche freou e puido escoita-la renxedura das rodas patinando sobre a neve amontoada nos bordos da rúa. A bucina repercutiu nas paredes próximas. O percibir eses rúidos, Shinji pensou que aquela casa se erguía coma unha illa solitaria no océano dunha sociedade ocupada incansablemente nos mesmos asuntos de sempre. O seu arredor estendíase desordenadamente o país polo cal estaba sufrindo e a piques de da-la vida. Non sabía nin lle importaba se aquela gran nación recoñecería o seu sacrificio. No seu campo de batalla non existía a gloria. Era a trincheira do espírito.

Os pasos de Reiko resoaron na escaleira. Renxían os empinados chanzos da antiga morada e estes sons inundaron ó tenente de gratas lembranzas. En cantas ocasións os escoitara desde a cama! Ó reflexionar en que xa non volvería a percibilos, concentrouse neles tratando de que cada recanto daquel tempo precioso se enchese co ruído das suaves pegadas da vella escaleira. Tales instantes pareceron transformarse en xoias rutilantes de luz interior.

Reiko tiña unha faixa sobre o iukata⁵ e a media luz atenuaba o seu vermello. O tenente quixo asila e a man de Reiko correu en axuda del. A faixa caeu ó chan.

Ela estaba de pé fronte a el, vestindo o seu iukata.

O home afundiú as mans nas aberturas laterais baixo as mangas e abrazouna intensamente. A roza dos seus dedos sobre a pel núa, sentir que as axilas pechábanse suavemente sobre as súas mans, acendeu aínda máis a súa paixón e, poucos instantes máis tarde, ambos xacían espidos fronte ó brillante lume da estufa.

Non pronunciaron palabra ningunha, pero os seus corpos e os seus corazóns inflamáronse ó saber que aquel sería o derradeiro encontro. Era como se as palabras "DERRADEIRA VEZ" se estampasen con pinceladas invisibles sobre cada centímetro dos seus corpos.

O tenente atraeu á súa muller e bicouna con vehemencia. As súas linguas exploraron as bocas, meténdose no seu interior suave e húmido, e foi coma se as aínda descoñecidas agonías da morte temperasen os seus sentidos coma o aceiro candente. As afastadas dores finais refinaran a súa percepción amorosa.

—É a derradeira vez que te vou ver —murmurou o tenente—. Déixame mirar... —e tomando a lámpada na man, dirixiu un feixe de luz sobre o corpo estendido de Reiko.

Ela pechara os ollos. A luz da lámpada destacaba a maxestividade da súa carne branca. O tenente cun sabor de egocentrismo, alegrouse pensando en que xamais vería esa beleza derrubándose fronte á morte.

O tenente contemplou sen apuro aquel inesquecible espectáculo. Acariñaba a sedosa cabeleira, palmeaba suavemente o belo rostro e bicaba tódolos puntos onde se detiña a súa mirada. A fronte alta tiña unha serea frescura, os ollos pechados orlábanse de longas pestanas baixo as cellas finamente debuxadas e o brillo dos dentes entrevíase polos beizos cheos e regulares... Todo iso configuraba na mente do tenente a visión dunha máscara mortuoria verdadeiramente radiante e unha e outra vez apertou os seus beizos contra a branca garganta onde a man de Reiko non tardaría en descargar-lo seu certo golpe. O pescozo arrubiu baixo os bicos e volvendo suavemente ós beizos da súa amada, apoiou a boca sobre eles co fluctuante movemento dun pequeno bote. Pechando os ollos, o mundo converterase, así, nun bambán.

A boca do tenente seguía fielmente o percorrido dos seus ollos. Os peitos altos e túrxidos, rematados coma abrochos de cerdeira silvestre, endurecíanse ó contacto dos seus beizos. Os brazos emerxían con dificultade a ámbolos lados, afinándose cara ós pulsos, pero sen perder redondez nin simetría.

Os dedos delicados eran aqueles que sostiveran o abano durante a cerimonia nupcial. A medida que o tenente os bicaba, retraíanse como avergoñados. O oco natural desa curva entre o peito e o estómago tiña nas súas liñas non só a suxestión da tersura, senón a forza da elasticidade e anunciaba as ricas curvas que se estendían ata as cadeiras. A riqueza e a brancura do ventre e as cadeiras eran como o leite contido nun recipiente amplo. A focha sombreada do embigo podía ser a pegada dunha pinga de auga que acababa de caer alí. Onde as sombras se facían máis intensas, a peluxe crecía apertada, doce e sensible, e a medida que a excitación aumentaba naquel corpo que

deixara de amosarse pasivo, un arrecendo de flores ardentes facíase cada vez máis penetrante.

Reiko falou, por fin, con voz trémula:

—Amósame... Déixame mirar por última vez...

Shinji non escoitara nunca de labios da súa muller un rogo tan firme e definido. Era como se a súa modestia xa non podía ocultar algo que, agora, librábase dos atrancos que a oprimían. O tenente recostouse submisamente para someterse ós requirimentos da súa muller. Ela alzou axilmente o seu corpo branco e tremente e ardendo nun inocente desexo de devolverlle todo canto fixera por ela, puxo os dedos sobre os ollos de Shinji e pechounos suavemente.

Repentinamente inundada de tenrura, coas meixelas acesas pola vertixe da emoción, Reiko abrazou a cabeza rapada do tenente e o pelo afeitado mancoulle o peito. Afrouxando o abrazo, contemplou despois o rostro viril do marido. As cellas severas, os ollos pechados, a espléndida ponte do nariz, os beizos ben debuxados e firmes. Reiko comezou a bicalos, detívose na ancha base do colo, nos ombreiros fortes e erguidos, no peito poderoso cos seus círculos xemelgos semellantes a escudos de ásperas mamilas. Un olor doce e melancólico desprendíase das axilas profundamente sombreadas pola carne abundante do peito e dos ombreiros. En certo modo, a esencia da morte moza contiñase naquela dozura. A pel núa do tenente relucía como un campo de orxo e podía observa-los músculos en relevo que converxían sobre o abdome arredor do embigo pequeno e modesto.

Ó ollar o estómago firme e novo, pudicamente cuberto por unha peluxe vigorosa, Reiko pensou que a espada axiña o ía lacerar cruelmente e, reclinando a cabeza, rompeu en saloucos e cubriuno cos seus bicos.

Ó senti-las bágoas da súa muller, o tenente sentiuse capaz de afrontar valorosamente as máis crueis agonías do suicidio. Resulta doado imaxinar a qué éxtase chegaron despois daqueles tenros intercambios. O tenente incorporouse e rodeou cun potente abrazo á súa muller, o corpo dela estaba exhausto despois de tantas bágoas e aflicións. Xuntaron as súas caras apaixonadamente, refregando as meixelas. O corpo de Reiko tremía. Os seus peitos húmidos estaban fortemente apertados e cada milímetro

daqueles corpos novos e fermosos compenetrárase tanto co outro que parecía imposible que se separaran xamais.

Reiko berrou.

Desde as alturas somerxéronse no abismo, e, de alí, unha vez máis ata embriagantes alturas. O tenente arfaba como o portador dun estandarte...

Ó terminarse o seu ciclo, xurdía inmediatamente unha nova onda de pracer e, xuntos, sen mostras de fatiga, eleváronse novamente ata a cima mesma dun novo movemento arfante.

IV

Cando Shinji se volveu finalmente non foi por cansazo. Non quería esgota-la considerable forza física que necesitaría para levar a cabo o suicidio. Ademais, lamentaría enturba-la dozura daqueles últimos momentos abusando deses gozos.

Reiko, coa súa habitual compracencia, seguiu o exemplo do marido. Os dous xacían espidos, cos dedos entrelazados, mirando fixamente o escuro ceo raso. O cuarto estaba caldeado pola estufa e na noite silandeira non se escoitaba o tráfico da rúa. Nin sequera chegaba ata eles o fragor dos trens e autobuses da estación Iotsuya, que se perdía no parque densamente arborizado fronte á ancha estrada que bordea o palacio Akasaka. Resultaba difícil pensar na tensión existente no barrio onde as dúas faccións do Exército imperial se preparaban para a loita.

Deleitándose na súa propia calor, os mozos rememoraron en silencio as éxtases recentes. Reviviron cada momento da pasada experiencia, lembraron o gusto dos bicos nunca esgotados, o contacto da pel núa, tanta embriagante felicidade. Pero xa entón, o rostro da morte axexaba desde as trabes do teito. Aqueles foran os últimos praceres dos que os seus corpos non gozarían nunca máis. Ambos pensaron que, aínda que vivisen ata unha idade avanzada, non volverían gozar dun pracer tan intenso.

Tamén se desprenderían os seus dedos entrelazados. Mesmo os debuxos das escuras vetas da madeira, desaparecerían axiña. Era posible detecta-lo avance da morte.

Naquel momento xa non cabían dúbidas. Cumpría ter a coraxe necesaria, saírle ó encontro e atrapala.

—Podemos prepararnos —dixo o tenente.

A determinación que encerraban as súas palabras era inconfundible, pero tampouco houbera nunca tan cálidas e tenras inflexións na súa voz.

Varias tarefas agardábanos. O tenente, que non axudara nunca a garda-las camas, empurrou a porta corrediza do armario, alzou o colchón e depositouno dentro.

Reiko apagou a estufa e a luz. En ausencia do tenente aseáranlo todo coidadosamente, e agora aquel cuarto de oito tatamis presentaba a aparencia dunha sala lista para recibir importantes convidados.

—Aquí beberon Kano e Homma e Noguchi...

—Si, eran todos grandes bebedores.

—Reunirémonos axiña con eles no outro mundo. Mofaranse de nós cando advirtan que te levo comigo.

Ó baixa-la escaleira, o tenente volveuse para contempla-lo limpo e pousado cuarto iluminado pola lámpada. Na súa mente flotaba a lembranza dos mozos oficiais que alí beberan e se chancearan inocentemente. Nunca imaxinara, daquela, que naquel cuarto se abriría o estómago.

O matrimonio ocupouse a modo e serenamente dos seus respectivos preparativos nos dous cuartos da planta baixa. O tenente foi primeiro ó retrete, e despois, ó baño a lavarse. Mentres tanto, Reiko dobraba e gardaba a bata acolchada do seu marido; ordenaba a túnica do uniforme, os pantalóns e un taparrabos branco acabados de cortar; dispoñía unhas follas de papel sobre a mesa do comedor para as notas de despedida. A continuación, tomou a caixa que contiña os instrumentos para escribir, e comezou a raspa-la taboíña para facer tinta. Xa decidira o contido da súa derradeira misiva.

Os dedos de Reiko apertaron fortemente as frías letras douradas da taboíña e a auga do tinteiro tinguiuse inmediatamente coma se unha escura nube pasase sobre el. Todo aquilo non era senón unha solemne preparación para a morte. A rutina doméstica

ou unha forma de pasa-lo tempo ata que chegase o momento do enfrontamento definitivo. Unha inexplicable escuridade abrollaba do olor da tinta ó espesar.

O tenente saíu do baño. Vestía o uniforme sobre a pel. Sen pronunciar unha palabra, tomou asiento fronte á mesa e, empuñando o pincel, permaneceu indeciso fronte ó papel que tiña diante.

Reiko tomou un quimono de seda branca e entrou no baño. Cando reapareceu no cuarto, lixeiramente maquillada, a misiva xa estaba rematada. O tenente colocáara baixo a lámpada. As grosas pinceladas só dicían:

"Vivan as forzas imperiais! —Tenente do exército, Takeyama Shinji—".

O tenente observou en silencio os controlados movementos cos que os dedos da súa muller manexaban o pincel.

Con cadansúa necrolóxica na man, a espada do tenente cinxida sobre o seu costado e a pequena daga de Reiko dentro da faixa do seu quimono branco, ambos permaneceron fronte ó santuario, rezando en silencio. Despois, apagaron tódalas luces da planta baixa. Mentres subían, o tenente volveu a cabeza e observou a rechamante silueta da muller que, toda vestida de branco e os ollos baixos, ía tras el.

Acomodaron as notas de despedida unha canda outra na alcoba da planta baixa.

Por un momento pensaron en descolga-lo pergamiño, pero como o escribira o seu mediador o tenente xeneral Ozeki e consistía en dous caracteres chineses que significaban "sinceridade", deixárono onde estaba. Pensaron que, aínda que se manchase con sangue, o tenente xeneral non se ofendería.

Shinji tomou asiento de costas ó cuarto e, moi erguido, colocou a espada fronte a el. Reiko sentou fronte a el, a un tatami de distancia. O toque de pintura nos seus beizos semellaba aínda máis seductor sobre o severo fondo branco.

Miráronse intensamente ós ollos a través da distancia dun tatami que os separaba. A espada do tenente case tocaba os seus xeonllos. Ó vela, Reiko recordou a primeira noite de casada, e sentiuse abafada de tristura.

Finalmente, o tenente falou con voz rouca:

—Como non vou ter quen me axude, fareime un corte profundo. Pode que sexa desagradable. Por favor, non te asustes. A morte é algo arrepiante de presenciar, en calquera circunstancia. Non te debes deixar atemorizar, comprendes?

Reiko asentiu cunha profunda inclinación de cabeza.

Ó olla-la figura esvelta da muller, o tenente experimentou unha estraña excitación. Estaba por levar a cabo un acto que requiría toda a súa capacidade de soldado, algo que esixía unha resolución semellante á coraxe que se necesita para entrar en combate. Sería unha morte non menos importante nin de menor calidade que se morrese na fronte de batalla.

Por uns instantes o pensamento levou ó tenente a elaborar unha rara fantasía. Unha morte solitaria no campo de loita, unha morte fronte ós ollos da súa fermosa esposa... Unha dozura sen límites invadiuno ó experimenta-la sensación de que ía morrer naquelas dúas dimensións, conxugando a imposible unión de ambas.

"Este debe se-lo pináculo da boa fortuna", pensou. O feito de que aqueles fermosos ollos observasen cada minuto da súa morte, equivalería a que o levasen ó máis alá en ás dunha brisa fragrante e sutil.

Presentía naquela circunstancia unha sorte de mercé especial, vedada ós demais, a el só dispensada. O tenente creu ver na súa radiante esposa, ataviada como unha noiva, o compendio de todo o amado polo cal ía, agora, entrega-la vida. A Casa imperial, a nación, a bandeira do exército. Todas elas eran presenzas que, coma a súa esposa, o observaban atentamente con ollos transparentes e firmes. Reiko tamén contemplaba ó seu marido que tan pronto habería de morrer, pensando que xamais vira algo tan marabilloso no mundo.

O uniforme sempre lle caía ben, pero agora, mentres se enfrontaba á morte con cellas severas e beizos firmemente apertados, irradiaba o que podería chamarse unha esplendorosa beleza viril.

—É hora de partir —dixo, por fin.

Reiko dobrou o seu corpo ata o chan nunha profunda reverencia. Non podía alza-lo rostro. Non quería estraga-la maquillaxe coas bágoas que lle resultaban imposibles de conter.

Cando finalmente alzou a mirada, viu borrosamente, a través das bágoas, que o seu marido enroscara unha venda branca arredor da espada agora desenvaiñada; só deixaba na punta doce ou quince centímetros de aceiro nus.

Apoiando a espada no tatami que tiña fronte a el, o tenente alzouse sobre os xeonllos, sentou novamente coas pernas cruzadas e desabrochou o colo do uniforme. Os seus ollos non verían xa á súa muller. Devagar, desprendeun por un os chatos botóns metálicos. Observou primeiro o seu peito escuro e, despois, o estómago. Desatou o cinto e desabrochou os pantalóns. Colleu o taparrabos con ámbalas mans e tirouno cara abaixo para deixar máis libre o estómago. Despois empuñou a espada coa venda branca no seu gume, mentres que, coa mano esquerda, fregaba o seu abdome. Conservaba a ollada baixa.

Para verifica-lo gume, o tenente abriu a parte esquerda do pantalón, deixando parte da coxa á vista, e escorreu o fío sobre a pel. O sangue abrollou inmediatamente da ferida e varias pingas brillaron á luz.

Era a primeira vez que Reiko vía o sangue do seu marido e experimentou violentas palpitacións no peito. Observou a face do tenente e viu que estudiaba con acougo o seu propio sangue. Malia que aquel era un consolo superficial, Reiko sentiu certo alivio.

Os ollos do home fitárona cunha mirada penetrante coma a dun falcón. Colocando a espada fronte a el, alzouse lixeiramente sobre os seus músculos e inclinou a parte superior do corpo sobre a punta da espada. A excesiva tensión que presentaba a tea do uniforme, indicaba ás claras que estaba reunindo tódalas súas forzas. Propoñíase asestar un profundo golpe na parte esquerda do estómago e o seu grito agudo traspasou o silencio do cuarto.

Pese ó esforzo, o tenente tivo a sensación de que era outro quen golpeará o seu estómago como cunha grosa barra de ferro. Durante algúns segundos a súa cabeza xirou vertixinosamente e non recordou cómo sucedera. Os doce ou quince centímetros de punta núa desapareceran completamente na súa carne, e a vendaxe branca, fortemente suxeita polo seu puño pechado, premíalle directamente o estómago.

Recuperou a consciencia. Pensou que o fío debera atravesar-las paredes do abdome. A súa respiración era dificultosa, o peito palpitáballe violentamente e nalgunha

zona remota, aparentemente desligada da súa persoa, unha dor terrible e insoportable alzábase en forma asoballadora como se a terra se abrise para vomitar un leito de rochas ferventes. A dor achegouse, de súpeto, a unha velocidade vertixinosa. O tenente mordeu o beizo inferior e sufocou un laio instintivo.

"É isto o seppuku⁶?", pensou.

Experimentaba unha sensación de caos total, como se o ceo se derrubase sobre el e todo o universo xirase como baixo o efecto dunha enorme borracheira. A súa forza de vontade e coraxe, que tan fortes se manifestaran antes da incisión, reducíranse, agora, a unha febra de aceiro do grosor dun cabelo. Asaltouno a incómoda sensación de que tería que avanzar asido a esa febra con toda a súa desesperación.

Algo humedecía o seu puño e, baixando a mirada, viu que, tanto a man como o pano que envolvía a folla, estaban empapados en sangue. Tamén o seu taparrabos estaba tinguido dun vermello intenso. Pareceulle increíble que no medio daquela agonía, as cousas visibles aínda se puidesen ver e as cousas existentes, existir.

Reiko loitou por non correr ó carón do seu esposo ó observa-la mortal palidez que invadía os seus trazos despois de cravarse a espada. Sucédese o que sucedese, a súa misión era a de observar. Ser testemuña. Tal era a obriga contraída co home amado. Fronte a ela, a un tatami de distancia, podía ver cómo o seu marido mordía os beizos para afoga-la dor.

Reiko non contaba con ningún medio para rescatalo.

A transpiración brillaba na súa fronte. Shinji cerrou os ollos para abrilos despois, novamente, como quen fai un experimento. A súa ollada perdera todo brillo e os seus semellaban os ollos inocentes e baleiros dun animalíño.

A agonía que se desenvolvía fronte a Reiko queimábaa como un implacable sol de verán, pero era algo totalmente afastado da mágoa que parecía estar partíndoa en dous.

A dor medraba con regularidade. Reiko sentía que o seu marido convertérase nun ser dun mundo á parte, nun home integramente disolvido na dor, nun prisioneiro nunha gaiola de sufrimento, e mentres pensaba, comezou a sentir como se alguén levantase unha cruel muralla de cristal entre eles.

Desde o seu matrimonio, a existencia do marido convertérase na súa propia, e cada respiración de Shinji parecía pertencer a Reiko. En troques, agora, mentres que a existencia do marido na dor era unha realidade vivente, Reiko non podía atopar na súa mágoa ningunha proba concluínte da súa propia existencia.

Usando só a man dereita, o tenente comezou a cortarse o ventre dun lado a outro. Pero a medida que a folla se enredaba nas entrañas, a branda resistencia que atopaba alí rexeitábaa cara fóra. O tenente comprendeu que sería mester empregar ámbalas mans para mante-la punta profundamente afundida no seu corpo. Tirou cara a un costado, pero o corte non se produciu coa facilidade que agardara. Concentrou toda a enerxía do corpo na man dereita e tirou novamente. O corte agrandouse oito ou dez centímetros.

A dor estendeuse coma unha campá que soase en forma salvaxe. Ou como mil campás tocando ó unísono con cada respiración e con cada latexo, estremecendo todo o seu ser. O tenente non podía conte-los xemidos. Pero a folla xa se abrira camiño ata debaixo do embigo. Ó advertilo, Shinji sentiu unha renovada coraxe.

O volume do sangue non deixara de aumentar e agora manaba pola ferida coma orixinado polo latexo do pulso. A esteira estaba enchoupada de sangue que seguía renovándose con aquela que chorreaba dos pregos do pantalón caqui do tenente. Unha salpicadura, semellante a un paxaro, voou cara Reiko e manchou a faldra do seu quimono de seda branca. Cando o tenente puido, por fin, despraza-la espada cara o costado dereito, esta xa cortaba superficialmente e era posible contempla-la súa punta núa pola que escorregaban sangue e graxa. Atacado subitamente por terribles vómitos, o tenente berrou roucamente. Os vómitos volveron aínda máis horrenda a dor, e o estómago, que ata aquel momento se mantivera firme e compacto, explotou de súpeto, deixando que as entrañas rebentasen pola ferida aberta. Ignorantes do sufrimento do seu dono, as entrañas de Shinji causaban unha impresión de saúde e desagradable vitalidade que as facía escorrer brandamente e espaxarse sobre a esteira. A cabeza do home abateuse, os seus ombreiros estremeceron e un fino fío de saliva goteou da súa boca. As insignias douradas brillaban á luz.

Todo estaba cheo de sangue. O tenente estaba empapado dela ata os xeonllos e agora sentaba nunha posición encollida e desamparada cunha man no piso. Un olor acre inundaba o cuarto. A cabeza do home colgaba no baleiro e o corpo sacudíase en

interminables arcadas. A folla da espada, expulsada das súas entrañas, estaba totalmente exposta e aínda sostida pola man dereita do tenente.

Sería difícil imaxinar unha visión máis heroica que a do tenente reunindo as súas forzas e botando a cabeza cara atrás. A violencia do movemento fixo que a cabeza do tenente batera contra un dos piares da alcoba.

Ata aquel momento, Reiko permanecera sentada coa mirada baixa, como engaiolada polo fluxo do sangue que avanzaba cara ós seus xeonllos, pero o golpe sorprendeuna e tivo que ergue-la vista.

O rostro do tenente non era o do home con vida. Os ollos estaban baleiros, a pel lívida, as meixelas e os beizos tiñan a cor da terra seca. Só a man dereita se movía aínda sostendo laboriosamente a espada. Axitouse convulsivamente no aire, como a man dunha marioneta, e loitou por dirixi-la punta da espada ata a base do pescozo.

Reiko contemplou cómo o seu marido tentaba este derradeiro, conmovedor e fútil esforzo. Brillando de sangue e graxa, a punta descargábase unha e outra vez sobre a garganta. Sempre fallaba. Non lle quedaban forzas para guiala e só batía contra as insignias do colo do uniforme que se pechara novamente e protexía a garganta.

Reiko non soportou aquela visión por máis tempo. Intentou ir en axuda de Shinji, pero resultáballe imposible pórse en pé. Arrastrouse de xeonllos e a súa falda tinguiuse dun vermello intenso. Colocouse detrás do seu marido e axudouno abrindo unicamente o colo do uniforme. A folla vacilante tomou finalmente contacto coa pel núa da gorxa. Reiko tivo a sensación de que empuxara ó seu marido cara adiante.

Non foi así. O tenente dera unha última demostración de fortaleza. Botou o corpo violentamente contra a folla e o gume perforoulle o pescozo, e apareceu despois pola caluga. O tenente permaneceu inmóbil mentres un tremendo chorro de sangue o inundaba todo.

V

Reiko descendeu lentamente a escaleira. As súas medias estaban esvaradías de sangue. No cuarto superior reinaba agora a máis absoluta calma.

Acendeu as luces da planta baixa, verificou os queimadores e a chave principal do gas. Botou auga sobre o carbón fumegante e semiapagado do braseiro. Detívose fronte ó espello do cuarto de catro tatamis, e medio alzou a faldra. As manchas de sangue parecían un alegre debuxo estampado na parte inferior do seu quimono branco. Ó colocarse fronte ó espello, sentiu a fría humidade do sangue do marido nas coxas e tivo un estremecemento. Entretívose longamente no baño. Aplicou unha xenerosa capa de *rouge* sobre as meixelas e tamén abundante pintura nos beizos. Esta maquillaxe xa non estaba destinada a agradar ó seu marido. Maquillábase para o mundo que estaba a piques de abandonar. Había algo espectacular e magnífico nos toques do seu pincel. Ó levantarse, advertiu que o sangue mollara a esteira disposta fronte ó espello. Reiko non o tivo xa en conta.

A moza detívose ó pisa-lo corredor de cemento que levaba á galería. O seu marido puxera o pasador da porta a noite anterior nun acto de preparación para a morte, e durante un instante sumiuse na consideración dun simple problema, botaría o pasador? De facelo así, poderían transcorrer varios días antes de que os veciños advertisen o suicidio. A Reiko non lle agradou a idea de dous cadáveres descompoñéndose antes de seren descubertos. Despois de todo, sería mellor deixa-la porta aberta...

Abriu o ferrollo e deixou a porta de vidros xeados lixeiramente entreaberta. O vento xeado coouse decontado no cuarto. Ninguén pasaba pola rúa, era medianoite e as estrelas refulxían tan frías coma o xeo.

Deixou a porta entornada e subiu as escaleiras. Durante varios minutos camiñou dun lado a outro. O sangue xa secara nas súas medias. De súpeto, un olor peculiar chegou ata ela.

O tenente xacía, boca abaixo, nun mar de sangue. A punta da espada, que sobresaía da súa caluga, parecía que se fixera aínda máis prominente. Reiko andou

neglixentemente entre o sangue e sentou ó carón do cadáver do seu marido. Observouno atentamente. Tiña a meixela apoiada na alfombra, os ollos estaban moi abertos, coma se algo espertara a súa atención. Ela ergueu a cabeza, apoiouna sobre a manga e, limpándose o sangue dos beizos, bicouno por última vez.

Despois colleu do armario unha bata branca e un cordón. Para evitar que a faldra se desordenase, envolveu a manta arredor da cintura e suxeitouna firmemente co cordón.

Sentou moi preto de Shinji. Extraeu a daga da faixa, examinou o brillo opaco da folla e achegouna á lingua. O gusto do aceiro brunido era lixeiramente doce.

Non perdeu tempo. Pensou que a dor que a separara do marido moribundo ía formar agora parte da súa propia experiencia. Só albiscou ante si o gozo de penetrar nun reino que o amado Shinji xa fixera de seu.

Percibira algo inexplicable na fisionomía agonizante do marido. Algo novo. Daríaselle, pois, resolve-lo enigma.

Reiko sentiu que, por fin, tamén podería participar da verdadeira e amarga dozura do gran principio moral no que creara o tenente.

Empurrou entón a punta da daga contra a base da garganta. Empurrouna fortemente. A ferida resultou pouco profunda. Ardíalle a cabeza e as mans tremíanlle de xeito incontrolable. Forzou a folla cara a un costado e unha sustancia quente anooulle a boca. Todo se tinguiu de vermello fronte ós seus ollos coma o fluír dun río de sangue. Reuniu tódalas súas forzas e afundiou aínda máis profundamente a daga na garganta.

Notas

1 (Páxina 3) *Ise* é un dos santuarios xintoístas máis sagrados e venerados do Xapón. Trátase dun lugar ancestral asociado á liñaxe imperial e á deusa Amaterasu, de quen din descender directamente os emperadores. Durante o período de preguerra, Ise converteríase no foco do nacionalismo militante. Hoxe en día volve ser un sitio para o sosego espiritual e a veneración popular dos deuses. [N. do T.]

2 (P. 4) O *sakaki* ou *Cleyera japonica* é unha árbore sagrada; as súas pólas úsanse nos rituais do xintoísmo e colócanse en fronte dos deuses como ofrendas simbólicas. O carácter “sagrado” e “natural” do sakaki permite estar en contacto co divino. [N. do T.]

3 (P. 5) O *meisen* ou *habutae* é un quimono de seda en bobina. [N. do T.]

4 (P. 8) O *tanzen* é un tipo de chaqueta que se prepara na época de inverno para poñer por riba do *iukata* ou quimono de verán. [N. do T.]

5 (P. 11) O *iukata* comunmente traducido como “quimono de verán”, non é verdadeiramente un quimono, senón máis ben unha peza de roupa sen forro feita de algodón ou outras febras vexetais, que se utiliza nas estacións do ano máis calorosas. [N. do t.]

6 (P. 19) *Seppuku* ou *harakiri* é o nome que recibe o suicidio ritual xaponés. [N. do T .]